

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL  
CORRESPONDENTE O DÍA 24 DE OUTUBRO DE 2018.-**

Na Casa Consistorial do Concello de Ribadavia, o día vinte e catro de outubro de dous mil dezaoto; as nove horas e corenta e cinco minutos da mañá xúntanse os señores que de seguido se sinalan para celebraren a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local correspondente a esta data: Alcalde-Presidente, Don José Ignacio Gómez Pérez.- Concelleiros: Don Ricardo González Amaro , Don Javier Iglesias Sendín, Dona María López Touza.

Está presente o Secretario do concello, don Francisco Fernández Castro.

Está presente o Interventor do concello, D Vicente Soto Rodríguez.

Aberta a sesión polo Sr. Alcalde, pásase de seguido ó estudio dos asuntos que conforman a anunciada Orde do Día, que resultan se-los seguintes:

**1.- ACTA ANTERIOR.-**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, aproba o borrador da Acta da sesión anterior, que foi a celebrada o pasado dezaoto de outubro do dous mil dezaoto (ordinaria).

**2.- OBRAS MAIORES.-**

Non hai.

**3.- ESCRITOS DOS SEÑORES CIADÁNS.-**

-Solicitude do IES O RIBEIRO dunha subvención de 50 € como aportación ós gastos que supoñen a elaboración da revista escolar do curso 2017-2018.

A xunta de goberno acorda ,por unanimidade, acceder ao solicitado.

**4.- ESCRITOS OFICIAIS.**

A xunta de goberno toma coñecemento da seguinte consulta formulada por Alcaldía a Escola Galega de Seguridade:

Pola presente o concello de Ribadavia formula a Academia Galega de Seguridade a seguinte consulta:

Dous funcionarios do corpo de policía local municipal , a través do sistema de mobilidade previsto nos artigos 33 a 35 do Decreto 243/2008, polo que se desenrola a Lei de coordinación de policía locais de Galicia, acceden e son nomeados funcionarios de carreira en outro concello.

O concello de Ribadavia consulta se as prazas que viñan sido ocupadas por ditos funcionarios poden ser consideradas vacantes, aos efectos de ser obxecto dun proceso selectivo e ser provistas de forma definitiva.

En caso de resposta afirmativa a anterior pregunta, cales serían as consecuencias xurídicas para os dous policía locais, nomeados funcionarios de carreira de outro concello.

## **5.- CUESTIONS ECONÓMICAS E ASUNTOS VARIOS.-**

### **XERACIÓN DE CRÉDITOS Nº12/18.-**

“A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos asistentes, presta aprobación o Expediente de xeración de créditos nº12/18, por importe de 154.262,40 euros con cargo a compromisos firmes doutras Administracións Públicas para financiar gastos que pola natureza son competencia desta Administración Municipal”.

### **INFORME SOBRE ACUMULACIÓN DE HORAS EXTRAORDINARIAS DE DIVERSOS AXENTES DA POLICÍA LOCAL**

Dase conta do informe emitido polo xefe da Policía Local sobre as horas acumuladas por diversos axentes da Policía Local no mes de setembro :

Camilo Pérez Martínez 15 horas

Gustavo Bangueses Gil 14 horas

José Miguel Curras Rincón 37,5 horas

José Antonio Coca Fernández 7 horas

José Luis Vázquez Fernández 20 horas.

-Dase conta do informe emitido pol Traballador Social e coordinador do Departamento de Servizos Sociais sobre as horas realizadas a maiores do horario polo persoal do Departamento de Servizos Sociais durante os meses de xullo, agosto e setembro.

## **6.-ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non houbo.-

E sendo as nove horas e cincuenta e cinco minutos da mañá, o Sr. Alcalde, ergueu a sesión, estendéndose a presente, do cal, coma Secretario, certifico.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**



**Concello de Ribadavia**